

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2023/8

DATA: xoves 25 de maio de 2023

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 18:00 h

HORA DE REMATE: 18:50 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
PP
ALICIA CAROU ROMERO
PSdeG-PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
JULIAN BUSTELO ABUIN
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO JOSE MOARES RIAL
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ

ORDE DO DÍA

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 534.898 exp. 2023/G010/000008

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. APROBACIÓN BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A OBRA DE REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO
3. SC 01/2023. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2023 PARA A ACHEGA MUNICIPAL DA REHABILITACIÓN DO PAZO DE MARTELO E GASTOS TÉCNICOS COMPLEMENTARIOS, FINANCIADA CON PRÉSTAMO A LONGO PRAZO
4. ACORDO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA FINANCIADA CON CARGO ÁS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO EXPTE NÚMERO 2023/C003/000005.

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

f237ebc438a2111c7e22ed359e31213db4e336985761a52633369872875be07b

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=RvTjW5vKcrc>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Declarar a urxencia do expediente por razóns de interese público, ao estar a obra cofinanciada con cargo ás axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, debido a que a obra debe estar executada antes do 30/09/2024, e o seu prazo de execución é de 12 meses.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a ratificación da urxencia nos termos desta.

2 APROBACIÓN BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A OBRA DE REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO.

Dáse lectura da proposta presentada:

Visto que o Concello de Rianxo ten como obxecto levar a cabo a obra: "**Rehabilitación do Pazo de Martelo**"

Visto que para esta obra se recibe subvención do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dentro do Plan de Transformación e Resilencia por importe de: 978.709,98 € para esta finalidade.

Visto que o custo das obras ascende 2.069.349,24 €, dos cales corresponden a obra: 1.974.664,50 € e corresponden a traballos técnicos complementarios da dita obra por 94.684,74 €.

Vista a necesidade de levar a cabo unha concertación de operación de crédito para soportar os gastos non subvencionados por importe de: 1.090.639,26 euros,

Visto a providencia de alcaldía que impulsa o procedemento para o inicio da concertación da operación de crédito.

Visto Informe de intervención favorable en relación a operación de crédito así como o Informe de tesourería en relación a prudencia financeira

Visto o prego de cláusulas administrativas xerais e prescripcóns técnicas.

Visto Informe xurídico en relación a lexislación aplicable e procedemento a seguir.

Visto o informe de Intervención relativo aos aspectos económicos e á capacidade municipal para facer fronte ás obrigas derivadas do endebedamento.

Realizada a tramitación legalmente establecida, e en virtude das facultades legalmente

dispostas polo Regulamento de Organización e funcionamento das Corporacións Locais (RD 2568/1986 de 28 de novembro)

PROPÓN O PLENO:

PRIMEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas xerais e prescricións técnicas do contrato para a concertación da operación préstamo e dispor a apertura do procedemento de licitación ós efectos de que as entidades interesadas presenten as proposicións.

SEGUNDO. Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente, en particular os pregos que recollen as condicións da nova operación.

TERCEIRO. Remitir invitación ás seguintes empresas:

- a.-Banco Bilbao Vizcaya. Argentaria.
- b.-Banco Santander.
- c.-Abanca
- d.-Caixabank
- e.-Banco Sabadell.

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A OBRA DE "REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO"

1º.- OBXECTO DO CONTRATO

De acordo co disposto no artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de

Rianxo pretende a formalización dunha operación endebedamento, articulada a través dun contrato de préstamo a longo prazo, co fin de financiar a obra **de “Rehabilitación do Pazo do Martelo”**, obra financiada ao abeiro das axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cunha axuda concedida de **978.709,98 €**

INVERSIÓN	OPERACIÓN PRÉSTAMO
“Rehabilitación do Pazo do Martelo” (incluíndo os gastos técnicos complementarios da dita obra)	1.090.639,26 €

Consonte á súa natureza, o obxecto do contrato de préstamo a subscribir será por tanto a obtención de capitais para o financiamento de actuacións de investimento sinaladas no parágrafo anterior, de acordo co previsto nos artigos 311 e seguintes do Código de Comercio.

A adxudicación deste contrato quedará condicionada polo tanto á aprobación definitiva e entrada en vigor do devandito expediente de modificación orzamentaria.

2º.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO

O presente contrato é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito obxectivo da LCSP, de 9 de novembro de 2017, segundo o disposto no artigo 10, da referida norma. En consecuencia, a contrato derivado da presente licitación rexeráse:

- **En canto á súa preparación e adxudicación:** polas presentes bases, nas que quedan garantidos o respecto aos principios de concorrencia e obxectividade. Os actos ditados nesta fase do procedemento serán recorribles ante a Xurisdición Contencioso Administrativa.

- **En canto á súa execución:** polas presentes bases e a normativa de dereito privado que lle resulte de aplicación, en virtude da súa natureza, resolvéndose as cuestións litixiosas correspondentes ante a xurisdición civil, na sede que corresponda ó domicilio do Concello de Rianxo.

3º.- IMPORTE DA OPERACIÓN

A operación a concertar terá un importe máximo de **1.090.369,26 €**

A entidade financeira abrirá un crédito a favor do Concello de ata **1.090.369,26 €** O antedito

crédito expresarase nunha conta de crédito no que o Concello irá dispoñendo das contías que necesite segundo o grao de execución dos investimentos que se financien.

O período de dispoñibilidade da conta de crédito comezará na data en que se formalice o contrato e durará ata 31.12 do ano 2043 data na que en todo caso se producirá a consolidación da débeda.

Os importes que se dispoñan na conta de crédito devindicarán os xuros que se indican na cláusula A das condicións particulares da operación, dende a data de cada disposición ata a da consolidación que se estableza no contrato. A partir desta, comezará a cancelarse o préstamo consonte co preceptuado na cláusula A das condicións particulares da operación (amortización do préstamo).

4º.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato a subscribir terá unha duración de vinte anos e **20 anos** (18 anos máis dous de carencia), a partir da data de formalización da operación.

5º.- IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA DA OPERACIÓN.

Os gastos derivados do presente contrato serán imputados ás correspondentes aplicacións dos capítulos 3 e 9 do orzamento de gastos. A tal fin, o Concello de Rianxo comprométese a consignar anualmente no orzamento municipal ata a cancelación do préstamo as contías precisas para facer fronte os pagos que lle resulten esixibles en cada momento.

6º.-PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

6.1 Invitación para participar no procedemento. O Concello invitará formalmente a participar no procedemento ás seguintes entidades financeiras, por ter todas elas sucursal aberta na termo municipal, ou ben por manter -ou ter mantido- relacións mercantís con Concello:

- Banco Bilbao Vizcaya Argentaria.
- Banco Santander.
- Abanca.

- Caixabank
- Banco Sabadell.

Ao mesmo tempo, publicaranse as presentes bases no Perfil do Contratante do concello para que calquera entidade financeira interesada poida participar no mesmo, presentando a correspondente proposición.

6.2 Capacidade do empresario. Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato as entidades de crédito ás que fai referencia o artigo 1 da Lei 10/2014, de 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, debidamente inscritas no Rexistro Oficial do Banco de España e que non se atopen incursas en ningunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 71 do LCSP.

6.3 Contido das Proposicións. As proposicións estarán integradas pola seguinte documentación:

* Anexo 1 .Incluindo modelo de declaración responsable xunto coa oferta económica que respectará os tipos e diferenciais máximos establecidos no apartado "A" das condicións técnicas de conformidade co seguinte modelo:

ANEXO 1

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona _____co DNI número_____, e domicilio a efectos de notificacións en _____(provincia de _____), rúa_____, C.P._____, teléfono

número_____, mail _____,actuando en representación de_____, con domicilio en _____, CIF N°_____, inscrita coma entidade financeira n o Rexistro oficial do Banco de España co número _____, fai constar que enterado da licitación por parte do Concello de Rianxo dunha operación de crédito a longo prazo por importe de **1.090.639,26 €** , declaro, con intención de obrigar á Entidade Financeira por min representada, o seguinte:

PRIMEIRO.- Que a entidade _____ten capacidade para contratar, sg

artículo 65 e ss LCSP 9/2017 de 8 novembro, non se atopa incursa en ningunha das prohibicións enumeradas no artigo 71 e seguintes da LCSP, e que se atopa ao corrente das súas coas Seguridade Social e das obrigas tributarias, entre elas, as referidas a este Concello.

SEGUNDO. Que acepta expresamente as condicións do Prego.

TERCEIRO. Que efectúa, en nome da Entidade representada, a seguinte oferta para a concertación da referida operación de crédito:

TIPO FIXO:

-CUSTO TOTAL MÁXIMO.....P.B TAE.....

TIPO VARIABLE:

CUSTO TOTAL MÁXIMO.....PB TAE.....

En caso de interesés variable , expresarase a oferta referida a EURIBOR A 3M +%

Comisións e gastos:

Xuros de mora:

* Co obxecto de comprobar se a operación cumpre co principio de prudencia financeira , indicárase a TAE da oferta.

De tal xeito que $TAE < \dot{O} = CTM$

6.4 Prazo de presentación. 15 días naturais a contar dende a recepción da invitación ou no se caso á publicación destas bases no Perfil do Contratante do concello. As entidades interesadas poderán solicitar toda a información financeira que estimen do concello ata o límite de 5 días naturais da data de finalización de presentación de ofertas. Toda a información solicitada será publicada no Perfil do Contratante do concello.

6.5.Forma de presentación. A presentación de ofertas farase exclusivamente de xeito telemático a traveso do Perfil del contratante del Concello de Rianxo que se encontra na

Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/>).

7º.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

As proposicións serán avaliadas en función do menor custe financeiro que, previsiblemente, representen para o Concello.

No suposto de coincidencia de ofertas, teranse en conta os criterios desempate da LCSP 9/2017 de 8 de novembro.

8º.- ÓRGANO DE AVALIACIÓN.

As ofertas presentadas serán valoradas por unha comisión avaliadora, integrada polos seguintes membros, podéndose requirir ás entidades financeiras aclaracións de dúbidas e subsanamento de deficiencias que se poidan presentar.

Presidente:

- Alcalde, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Secretario Xeral da Corporación.
- Interventor da Corporación
- Tesoureiro da Corporación.
- Técnico de Administración Xeral, que actuará igualmente como Secretario.

9º.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Consonte o previsto no artigo 22.1.m) da Lei 7/85, de 2 de abril, a competencia para concertar a presente operación de préstamo corresponde Ó PLENO, por non estar prevista no orzamento para exercicio 2023. Unha vez aprobado o crédito extraordinario 1/2023 e incorporado ao orzamento de 2023, si superar o 10 por 100 dos recursos de carácter ordinario previstos no mesmo, tal e como se pon de manifesto no Anexo Técnico ás presentes Bases.

10º.- APERTURA DAS PROPOSICIÓNS, ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OPERACIÓN

10.1 Apertura das proposicións.

A comisión avaliadora regulada na base 8ª procederá á apertura das proposicións presentadas nun acto de carácter público no prazo máximo de 1 mes dende a finalización do prazo de presentación de ofertas.

10.2 Adxudicación.

Unha vez celebrado o acto público de apertura, a comisión de avaliación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas -aplicando para elo os criterios sinalados na base 7ª-, e o órgano de contratación requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Acreditación de poder bastante de representación da persoa que vaia a proceder á firma do contrato.
- Modelo do contrato a asinar.
- Certificado estar corrente coas débedas tributarias, incluídas as do concello, e coa Seguridade Social.

Aportada a anterior documentación pola entidade financeira, o órgano de contratación efectuará adxudicación ao seu favor. En caso contrario, procederase a requirir a presentación da documentación á entidade que resultara clasificada en segundo lugar pola comisión avaliadora, e así sucesivamente.

O mesmo sucederá en caso de que o contrato a asinar non se axuste ao previsto nestas bases.

Non obstante o indicado nesta base, o Concello resérvase a potestade de deixar deserto o concurso de considerarse que as condicións ofertadas non son convenientes para o interese xeral ou ben o expediente de modificación de crédito vinculado a esta operación non fose finalmente aprobado, sen que iso de lugar a calquera clase de indemnización a favor dos licitadores.

10.3 Formalización.

Unha vez adxudicado o mesmo será formalizado ante a Secretaría deste Concello en documento administrativo, ou ben en documento notarial, correndo en este último caso cos gastos a entidade prestamista, para o cal o contratista será citado cunha antelación mínima de dous días hábiles.

Se por causas imputables á entidade adxudicataria o contrato non se formalizase nos 10 días naturais posteriores á notificación da adxudicación, o concello poderá libremente resolver e

deixar sen efecto a anterior adxudicación e adxudicar ó contrato a seguinte oferta máis vantaxosa ou desistir do mesmo, declarándoo deserto.

Non se admitirán polo Concello no documento de formalización a inclusión de calquera cláusulas, xerais ou particulares, que contraveñan as condicións do presente prego ou que repercutan no Concello calquera clase de gastos, comisións ou impongan calquera clase de restrición. En caso de contradición entre o documento de formalización e as presentes bases, prevalecerá sempre o disposto nas bases.

En calquera caso o Concello reservase o dereito de rexeitar motivadamente calquera cláusula que supoña unha perda para os seus intereses, sendo a súa decisión obrigatoria para o contratista.

10.4 Disposición.

As disposicións de fondos efectuaranse mediante a correspondente petición de traspaso subscrita pola Alcaldía-Presidencia, ou persoa que o substitúa legalmente, coa toma de razón do Interventor e Tesoureiro.

As peticións de disposición serán atendidas dentro dos 2 días hábiles seguintes a súa recepción.

As cantidades dispostas adeudaranse na conta corrente de crédito con abono á conta operativa que se sinale polo Concello sen custe algún para este, sendo as datas valor de cargo e abono as mesmas.

As devolucións de fondos faranse mediante transferencia das contas operativas do Concello á conta que se sinale polo entidade prestamista, sen custe algún para o Concello.

Mentres a Corporación non ingrese na conta de crédito as cantidades a que estea obrigada (exceso do saldo en contra da Corporación sobre o límite máximo establecido, durante o prazo de vixencia da operación, ou o importe das cotas ou intereses a pagar segundo o presente prego unha vez finalizado o prazo) as devanditas cantidades xerarán diariamente intereses de demora dende o día seguinte a aquel en que naceu a obriga de ingresar, e liquidaranse trimestralmente segundo o xuro legal do diñeiro fixado para cada ano pola lei de orzamentos xerais do Estado.

ANEXO TÉCNICO

A- Condicións particulares da operación.

Tipo de interese nominal:

As entidades financeiras participantes poderán optar indistintamente por presentar as súas ofertas retribuídas **cun tipo fixo ou variable**.

No caso de que a oferta contemple un tipo variable, deberá tomar como referencia o valor que alcance o EURIBOR para depósitos a prazo de 3 meses, enténdese por EURIBOR (European Interbank Offered Rate) o tipo de interese de oferta, de natureza interbancaria e de fixación diaria, concibido pola Federación Bancaria Europea e calculado e publicado diariamente pola Axencia Bridge Telerate.

Condicións do tipo de xuro variable:

- **Tipo de referencia:** deberá tomarse como referencia o valor que alcance último EURIBOR (3 meses) publicado antes da formalización do contrato. As ofertas poderán sinalar o tipo substitutivo no caso de que, por calquera razón que afecte ó mercado, non se puidera determinar a vixencia do mencionado no parágrafo anterior.
- **Diferencial:** os puntos básicos ofertados como diferencial expresaranse en números enteiros, e dicir, o diferencial en puntos % con catro decimais.
- **Sen redondeo.**
- **O tipo de xuro revisarase trimestralmente**, aplicando para elo o EURIBOR publicado dous días hábiles antes da data de inicio do novo período, o que será notificado a este Concello dentro da primeira quincena do seguinte trimestre natural.

As ofertas deberán cumprir cos límites establecidos na resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais e das comunidades autónomas, que se acollan ao Fondo de Financiación a Comunidades Autónomas (BOE no 160 de data 06.07.17) e nas súas actualizacións, segundo o seguinte detalle:

- **Vida media da operación: 10,04 anos = 120,48 MESES**
- **Diferencial máximo a ofertar Euribor : EURIBOR 3M + 0,75%**
- **Tipo fixo trimestral máximo a ofertar: 3,2855 %**

O custo máximo da operación CTM, segundo se recolle na Resolución de 4 de xullo de 2017 , da Secretaría Xeral do Tesouro e política financeira polo que se define o principio de prudencia

financieira aplicable as operacións de endebedamento o e derivados dos Entes Locais e CCAA que se acollan o fondo de financiamento ás CCAA non poderá superar o custo de financiamento do Estado (CFE) (entendida como vida media da operación) incrementada en 75 puntos básicos respecto a o CFE.

$$CTM = CFE + 0,75 \text{ PUNTOS BÁSICOS.}$$

Para Coñecer o CFE emprégase a táboa de tipos fixos e diferenciais máximos aplicables sobre cada referencia ben tipo máximo ou tipo diferencial máximo respecto euribor a 3m que se publica mediante resolución SXF E PF.

Co obxectivo de comprobar que a operación cumpre co principio de prudencia financeira , indicárase o TAE da oferta presentada , que será menor ou igual que o CTM , na data de apertura da licitación.

$$TAE < o = CTM$$

O custo total máximo na data de apertura do proceso de licitación é de 5 de maio de 2013 publicado no boe de 9 de maio de 2013), tendo en conta que a vida media do préstamo será de: **Para unha vida media de: 10,04 anos es 120,48 meses.**

		A	B	C.-	
TIPO REFERENCIA	LIQUIDACIÓN INTERESES	C.F.E DIFERENCIAL MÁXIMO	INCREMENTO OPERACIÓN/ ENTIDAD DIFERENCIAL	incremento vida media superior 10 anos	CUSTE TOTAL MÁXIMO = EUR-M + "A" + "B"
FIXO TRIMESTRAL	TRIMESTRAL	3,2855%	0,75	0,0013	4,0368
EUR 3M	TRIMESTRAL	3,81 + 0,4050%	0,75	0,0013	4,9663

De tal xeito que:

a.-Para o tipo de interés fixo: Tipo máximo do CFE en vigor na data apertura do proceso de

licitación : 3,285 + 0,75 puntos básicos ofertados.

b.-Para o tipo de xuro variable : EURIBOR a 3 m na data de apertura do proceso de licitación: 3,81 + Diferencial CFE en vigor na data de apertura do proceso de licitación 0,4050 DFE + 0,75 puntos básicos.

Incrementátase 0.01 adicional por ter vida media superior a 10 anos: 0,0013

Amortización do préstamo e devengo de xuros:

- Contemplase unha carencia de amortización de capital durante dous anos.
- O prazo de amortización será de 20 anos (incluídos dous de carencia) a partires da formalización do contrato, efectuándose aquela mediante cotas de amortización trimestrais constantes, con vencemento no último día do trimestre natural de cada ano.
- A cota de amortización de capital permanecerá constante ao longo da vida do préstamo.
- Os periodos de amortización serán por trimestres vencidos.
- A liquidación de intereses : por trimestres naturais vencidos.
- Os xuros aboaranse trimestralmente xunto con cada cota de amortización constante e calcularase aplicando ó capital pendente de amortización en cada vencemento o tipo de xuro da oferta seleccionada.
- A base de cálculo dos xuros será 90/360.

Comisións:

- **Sen comisións.** Non se aceptará ningunha oferta que recolla comisión de apertura, de cancelación anticipada o calquera outra comisión a cargo do prestatario. O Concello poderá por tanto cancelar anticipadamente, con carácter total ou parcial, as cantidades pendentes de amortizar, en calquera momento, sen máis requisito que a comunicación previa á entidade prestamista.
- Os gastos derivados do outorgamento do contrato en escritura pública no seu caso, será por conta da entidade prestamista.

Garantías:

- Durante a vixencia do contrato de préstamo e ata a total cancelación das súas obrigas, o concello consignará nos correspondentes orzamentos anuais as cantidades necesarias para facer

fronte ó pago de intereses e amortizacións derivados do presente contrato.

- Non se aceptarán ofertas que condicionen a concertación da operación á prestación de garantías adicionais por parte do concello ou esixan a domiciliación ou afectación dos ingresos do mesmo ó pago das contías derivadas da operación

B.- Información económica do Concello de Rianxo

Presuposto do ano 2.021 prorrogado ó ano 2.023.

Liquidación ano 2022 aprobada.

Aforro neto positivo.

Inestabilidade presupostaria.

ANEXO 1

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/Dona _____ co DNI número _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____ (provincia de _____), rúa _____, C.P. _____, teléfono

número _____, mail _____, actuando en representación de _____, con domicilio en _____, CIF N° _____, inscrita coma entidade financeira n o Rexistro oficial do Banco de España co número _____, fai constar que enterado da licitación por parte do Concello de Rianxo dunha operación de crédito a longo prazo por importe de **1.090.639,26 €**, declaro, con intención de obrigar á Entidade Financeira por min representada, o seguinte:

PRIMEIRO.- Que a entidade _____ ten capacidade para contratar, sg artículo 65 e ss LCSP 9/2017 de 8 novembro, non se atopa incurso en ningunha das prohibicións enumeradas no artigo 71 e seguintes da LCSP, e que se atopa ao corrente das súas coas Seguridade Social e das obrigas tributarias, entre elas, as referidas a este Concello.

SEGUNDO. Que acepta expresamente as condicións do Prego.

TERCEIRO. Que efectúa, en nome da Entidade representada, a seguinte oferta para a concertación da referida operación de crédito:

TIPO FIXO:

-CUSTO TOTAL MÁXIMO.....P.B TAE.....*

TIPO VARIABLE:

CUSTO TOTAL MÁXIMO.....PB TAE.....*

En caso de interese variable , expresarse a oferta referida a EURIBOR A 3M +%

Comisións e gastos: 0

Xuros de mora:

*** Co obxecto de comprobar se a operación cumpre co principio de prudencia financeira , indicarse a TAE da oferta.**

De tal xeito que $TAE < \dot{O} = CTM$

En.....a.....de.....

Asdo.

En _____ a _____ de _____ de 2023

Asdo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo PSOE e 1 do membro do grupo de cidadanos) 4 votos en contra (dos 2 membros do grupo REC, 1 membro do grupo PP e 1 membro do grupo PSOE) cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

3 SC 01/2023. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2023 PARA A ACHEGA MUNICIPAL DA

REHABILITACIÓN DO PAZO DE MARTELO E GASTOS TÉCNICOS COMPLEMENTARIOS, FINANCIADA CON PRÉSTAMO A LONGO PRAZO.

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2023/T002/000032

Núm. expte. Suplemento de crédito	SC 1/2023
Importe da modificación orzamentaria	1.090.639,26 €
Tipo de financiamento	Endebemento a longo prazo
Finalidade da modificación	Rehabilitación do Pazo de Martelo: obra e gastos técnicos

I. MOTIVACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

O Concello de Rianxo vai iniciar a contratación da obra *Rehabilitación do Pazo de Martelo*. Para esta actuación e os gastos técnicos complementarios recibíuse unha subvención do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dentro do Plan de Transformación e Resiliencia por un importe de 978.709,98 €.

O custo total dos investimentos ascende a 2.069.349,25 €, dos que que 1.974.664,50 € correspóndense coa obra e os 116.556,22 € restantes, con traballos técnicos complementarios.

Descrición	Importe
Contratación da obra <i>Rehabilitación do Pazo de Martelo</i>	1.974.664,50 €
Gastos técnicos complementarios da obra	94.684,74 €
Custo total	2.069.349,24 €
Subvención	978.709,98 €
Achega municipal financiada con préstamo a longo prazo (2023/C006/000002)	1.090.639,26 €

O orzamento vixente está en situación de prórroga orzamentaria, polo que debe aplicarse a excepción do artigo 50 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL) que permite concertar operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos se se vinculan directamente *a modificacións de crédito tramitadas na forma prevista nos apartados 1, 2, 3 e 6 do artigo 177*. Este precepto regula os créditos extraordinarios e suplementos de crédito:

1. Cando haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

Como se indicou anteriormente as actuacións vinculadas á obra do Pazo de Martelo recibiron unha subvención de 978.709,98 €, ao abeiro da convocatoria de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Polo tanto, dáse unha situación de insuficiencia orzamentaria por unha contía de 1.090.639,26 € e procede a tramitación dun suplemento de crédito.

II. GASTOS FINANCIADOS

Os gastos financiados son os seguintes:

Descrición	Importe
Contratación da obra <i>Rehabilitación do Pazo de Martelo</i>	1.974.664,50 €
Gastos técnicos complementarios da obra	94.684,74 €
Custo total	2.069.349,24 €

A obra está descrita no proxecto técnico redactado pola arquitecta Sandra González Álvarez, que se prevé aprobar na mesma sesión plenaria que esta modificación de crédito. No expediente constan uns informes coa valoración dos gastos técnicos, realizados pola redactora do proxecto técnico, e que son os que figuran na táboa anterior.

III. XUSTIFICACIÓN DA PROCEDENCIA DA MODIFICACIÓN

Tendo en conta todo o exposto, quedan xustificadas os seguintes extremos que motivan a tramitación dun crédito extraordinario:

- **Gasto excepcional que non se pode demorar ata o exercicio seguinte:**
 - o Gasto excepcional: o Pazo de Martelo é a sede da biblioteca municipal e atópase nun estado de deterioro que precisa dunha rehabilitación moi importante e moi custosa. Durante varios exercicios intentouse obter o financiamento suficiente para acometer as actuacións e, en 2022, por fin obtívose unha subvención que atende un volume importante dos custos. Trátase, polo tanto, dun gasto excepcional.

- o Os prazos establecidos pola normativa da subvención para a contratación das actuacións e para a súa execución son axustados, polo que a licitación da obra realizarase polo trámite de urxencia. Esta situación xustifica que estamos ante un gasto excepcional que non se pode demorar ata o exercicio seguinte.
- **Non existe crédito axeitado e suficiente:** dáse unha situación de insuficiencia de crédito, xa que o investimento conta cunha subvención, pero non hai consignación orzamentaria para a achega municipal.
 - **Acredítase a existencia dun recurso suficiente para tramitar a modificación orzamentaria:** utilizarase como endebedamento unha operación de endebedamento a longo prazo, cuxo expediente de licitación se aprobará na mesma sesión plenaria que esta modificación de crédito.

IV. APLICACIÓNS E CONCEPTOS DE GASTOS E INGRESOS ORZAMENTARIOS:

As aplicacións orzamentarias afectadas, de gastos e de ingresos son as seguintes:

Estado de gastos

Programa	Descrición Programa	Económico	Descrición Económico	Importe
336	Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico	63200	Investimentos de reposición de edificios e outras construcións	1.090.639,26
Total				1.090.639,26

Estado de ingresos

Concepto de ingreso	Descrición	Importe
91300	Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra do sector pº	1.090.639,26
Total		1.090.639,26

O 24/05/2023 a Intervención emitiu informe favorable ao expediente, e nel puxo de manifesto que a disposición adicional sétima do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, modificada pola disposición final 31.8 do Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, introduce unhas disposicións específicas na xestión dos créditos orzamentarios das entidades locais, destinados a proxectos financiados con fondos europeos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

“1. Os acordos dos órganos competentes das corporacións locais de aprobación de transferencias de créditos, así como os acordos do Pleno da corporación local de aprobación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, que teñan por obxecto aqueles proxectos, serán inmediatamente executivos, sen prexuízo das reclamacións que contra eles se promovesen, que deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificase a súa resolución á persoa recorrente dentro do dito prazo.”

En virtude do exposto, PROPOÑO:

PRIMEIRO

Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de créditos 01/2023, que será inmediatamente executivo e presenta o seguinte detalle:

Estado de gastos

Programa	Descrición Programa	Económico	Descrición Económico	Importe
336	Protección e xestión do Patrimonio Histórico-Artístico	63200	Investimentos de reposición de edificios e outras construcións	1.090.639,26
Total				1.090.639,26

Estado de ingresos

Concepto de ingreso	Descrición	Importe
91300	Préstamos recibidos a longo prazo de entes de fóra do sector pº	1.090.639,26
Total		1.090.639,26

SEGUNDO

Expoñer ao público o expediente de suplemento de créditos 1/2023 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do texto refundido da Lei das facendas locais, polo prazo de 15 días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

TERCEIRO

No suposto de que se presenten alegacións e a súa resolución non se lle notifique á persoa recorrente no prazo de oito días desde a súa presentación, deberán entenderse desestimadas. Finalizada a

tramitación do expediente, deberá publicarse o resumo por capítulos no BOP, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica.

CUARTO

Darlle conta deste acordo á Intervención Municipal para que continúe coa tramitación do expediente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 2 dos membros do grupo PSOE e 1 do membro do grupo de cidadanos) 4 votos en contra (dos 2 membros do grupo REC, 1 membro do grupo PP e 1 membro do grupo PSOE) cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

4 ACORDO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA FINANCIADA CON CARGO ÁS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, REHABILITACIÓN DO PAZO DO MARTELO EXPTE NÚMERO 2023/C003/000005.

Dáse lectura da proposta presentada:

Á vista dos seguintes antecedentes:

Primeiro.- En relación ao proxecto de obras:

1. Consta proxecto de obras de "Rehabilitación do Pazo do Martelo (Maio 2023), redactado pola arquitecta Sandra Gonzalez Álvarez, colexiada número 4.652, con data de sinatura 21/05/2023, cun orzamento base de licitación de 1.974.664,50 euros (1.631.954,14 euros, máis 342.710,37 euros de IVE),
2. Dito proxecto contén a declaración de obra completa, (consta nos anexos administrativos do proxecto, con data de sinatura 17/03/2023), onde se establece que: "...Que el proyecto, que se presenta ante el Ayuntamiento de Rianxo, y que corresponde al "Proyecto de ejecución: REHABILITACIÓN DEL PAZO DO MARTELO Y ADECUACIÓN A LOS ESTÁNDARES ACTUALES DE SOSTENIBILIDAD Y ACCESIBILIDAD PARA SU USO COMO BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE RIANXO", está referido a una obra completa, susceptible de ser entregada al uso general y puesta al servicio correspondiente al final de la ejecución de las obras, sin perjuicio de ulteriores ampliaciones de que posteriormente pueda ser objeto,

comprendiendo, todos los elementos necesarios para la utilización...”

Consta asimismo a acta de replanteo previa (consta nos anexos administrativos do proxecto, con data de sinatura 17/03/2023), onde se sinala que “...Que se ha procedido a la comprobación, tanto de la realidad geométrica del entorno de ubicación en relación a la obra proyectada, como de la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución, apreciándose su correspondencia y siendo factible llevarla a cabo en cuanto a sus dimensiones y relaciones geométricas, así como respecto a cuantos supuestos figuran en el proyecto elaborado, haciéndose constar que con la información recabada no existen servidumbres aparentes que condicionen su viabilidad. Así mismo se hace constar que el Ayuntamiento de la localidad, y promotor de las mencionadas obras, ha manifestado que ostenta la total potestad para la normal ejecución del contrato, estimándose en consecuencia que no se precisa ninguna otra autorización ni concesión administrativa para la realización de las obras...”

3. Se ben é certo que o artigo 99.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público establece que “sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes... Non obstante o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente...”

A estes efectos consta nos anexos administrativos do proxecto, con data de sinatura 17/03/2023 no proxecto xustificación ao respecto indicando: “... El técnico abajo firmante, redactor del “Proyecto de ejecución: REHABILITACIÓN DEL PAZO DO MARTELO Y ADECUACIÓN A LOS ESTÁNDARES ACTUALES DE SOSTENIBILIDAD Y ACCESIBILIDAD PARA SU USO COMO BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE RIANXO”, después de analizar la forma en la que se debe ejecutar la obra de dicho proyecto puede establecer que: la ejecución de este proyecto de forma separada puede sufrir un menoscabo o detrimento ya que no es posible su ejecución de forma separada en distintos lotes debido al mismo ámbito de trabajo en el que se deben ejecutar las distintas partidas descritas en el proyecto. Siendo este mi criterio y dando mi opinión profesional a expensas de cualquier otra mejor fundada, para que así conste a los efectos oportunos...”

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación, en calidade de órgano de contratación, considera suficientemente xustificada a adxudicación do respectivo contrato sen división en lotes en base á fundamentación anteriormente indicada.

4. Respecto á titularidade dos terreos, consta certificación da Dirección Xeral do Catastro, referida ao inmovible con referencia catastral número 5023601NH1242S0001ME, onde consta como titular do inmovible o Concello de Rianxo; asimismo consta Formulario 01, asinado polo

Alcalde Adolfo Muiños Sánchez, no que se declara que o inmovible con referencia catastral 5023601NH1242S0001ME está destinado a uso público e é de titularidade pública,

